



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

g_{alicia}

CIRCULAR 12/2014 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para a organización do curso escolar na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

No curso 2010/2011, ao abeiro do disposto na disposición adicional terceira do Real decreto 630/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en Arte Dramática establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, puxéronse en marcha os novos estudos nas diferentes especialidades das ensinanzas superiores de arte dramática, procedéndose a extinción, con carácter progresivo, das ensinanzas reguladas polo Real decreto 754/1992, do 26 de xuño.

A Orde do 30 de setembro de 2010, pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en arte dramática, nas especialidades de dirección escénica e dramaturxia, escenografía e interpretación, na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso a dito grao (DOG do 11 de outubro), corrixida no DOG do 17 de abril de 2012, definiu os aspectos xerais da matrícula e do acceso a estas ensinanzas nas tres especialidades antes sinaladas.

Así mesmo, as Circulares 9/2010, 1/2011 10/2011, 10/2012 e 10/2013, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, estableceron as condicións para a posta en marcha do novo plan e a extinción das ensinanzas do plan regulado polo Decreto 220/2005, do 7 de xullo, e a incorporación no seu caso do alumnado deste plan de estudos ao novo plan de estudos regulado pola Orde do 30 de setembro antedita, así como diversos aspectos do proceso de avaliación.

Rematada a implantación dos catro primeiros cursos das ensinanzas superiores de arte dramática, cómpre actualizar diversas cuestións e aspectos que afectan á organización e ao funcionamento da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e á planificación das actividades que lle son propias. Asemade, recentemente asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia para o seguimento e garantía de calidade das ensinanzas artísticas superiores, o que aconsella establecer algunas medidas organizativas que permitan unha mellor ordenación académica destas ensinanzas, acorde co nivel superior no que as enmarca a lei.

As presentes instrucións serán de aplicación na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

1. Extinción do plan de estudios LOXSE.

1.1. O alumnado do plan de estudos disposto no Decreto 220/2005, do 7 de xullo, poderá presentar, de ser o caso, o seu proxecto fin de carreira segundo o establecido nos artigos 35, 36 e 37 do mesmo. Corresponde á xefatura de





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

estudos, oído o departamento que corresponda, o deseño do calendario de presentación e defensa do dito proxecto.

1.2. O alumnado que tivese cursado estudos parciais ao abeiro do Decreto 220/2005, do 7 de xullo, poderá incorporarse ao novo plan de estudios na mesma especialidade e itinerario. Unha vez matriculado poderá solicitar o recoñecemento de créditos para aquelas disciplinas que tivese superadas, segundo o procedemento que se recolle no punto 5 desta circular.

1.3. As convocatorias consumidas no plan anterior non se computarán nas convocatorias que se realicen para superar as disciplinas do novo plan ao que se accede. Igualmente, tampouco deberá terse en conta a permanencia no centro consumida no plan anterior, para os efectos do máximo de permanencia nas ensinanzas ás que se accede, segundo o disposto no artigo 15, punto 4, da Orde do 30 de setembro de 2010.

2. Organización xeral do curso escolar.

Consonte o establecido no artigo 4, punto 4, da Orde do 30 de setembro, o curso escolar na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia organizarase tendo en conta os seguintes criterios:

- 2.1. O primeiro cuatrimestre comprenderá entre o 1 de setembro e o 15 de xaneiro, e o segundo cuatrimestre entre o 16 de xaneiro e o 5 de xuño.
- 2.2. As probas ordinarias do primeiro cuatrimestre terán lugar entre o 8 e o 14 de xaneiro, e as do segundo entre o 1 e o 5 de xuño.
- 2.3. As mostras públicas do primeiro cuatrimestre desenvolveranse ao longo do mes de decembro, e as do segundo ao longo do mes de maio.
- 2.4. A xefatura de estudos, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica, establecerá o calendario de mostras e de probas ordinarias de cada cuatrimestre, así como o calendario de probas extraordinarias nos períodos indicados nos puntos anteriores.
- 2.5. Durante os períodos de mostras e de probas ordinarias, e como consecuencia dos axustes horarios para o seu desenvolvemento, deberase garantir o cumprimento do horario de tutorías docentes por parte do profesorado, de acordo co horario que estableza a xefatura de estudos para a realización das mesmas.
- 2.6. A xefatura de estudos, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica, organizará o calendario de presentación e defensa de traballos de fin de estudios en convocatoria ordinaria, que terá lugar entre os días 6 e 25 de xuño.
- 2.7. A xefatura de estudos, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica, organizará as probas na convocatoria extraordinaria, incluído o calendario para a presentación e defensa dos traballos fin de estudios, que terá lugar entre os días 1 e 15 de xullo.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

g_{alicia}

2.8. As probas de acceso aos estudos superiores de arte dramática reguladas na Orde do 30 de setembro celebraranse na última semana de xuño e a primeira semana de xullo.

2.9. Coa finalidade de facilitar o adecuado desenvolvemento dos procesos de ensinanza e aprendizaxe e de optimizar os recursos dispoñibles, as disciplinas denominadas Obradoiro e Traballo fin de estudos, correspondentes ao segundo cuatrimestre de cuarto curso en todas as especialidades, poderán ser obxecto de concentración horaria de xeito que primeiro se curse o Obradoiro e despois o Traballo fin de estudos.

3. Organización xeral do traballo fin de estudos das ensinanzas superiores de arte dramática.

3.1. Durante o segundo cuatrimestre do cuarto curso o alumnado desenvolverá un traballo fin de estudos (TFE), cunha asignación de 12 créditos ECTS, consistente nun proxecto práctico relacionado cos ámbitos de coñecemento abordados ao longo dos seus estudos. Dito TFE, segundo as diferentes especialidades, e tendo en conta o perfil profesional de cada unha delas, terá as seguintes características:

3.1.1. Especialidade de Interpretación: Elaboración, e posterior presentación e defensa, diante dun tribunal, dun traballo práctico de carácter escénico, coa correspondente memoria, que permita unha demostración empírica de ter adquirido as competencias transversais, xerais e específicas da titulación e do itinerario.

3.1.2. Especialidade de Dirección escénica e dramaturxia: Elaboración, e posterior presentación e defensa, diante dun tribunal, dun traballo práctico de carácter escénico, coa correspondente memoria, que permita unha demostración empírica de ter adquirido as competencias transversais, xerais e específicas da titulación e do itinerario.

3.1.3. Especialidade de Escenografía: Elaboración, e posterior presentación e defensa, diante dun tribunal, dun proxecto escenográfico, coa correspondente memoria, que permita unha demostración empírica de ter adquirido as competencias transversais, xerais e específicas da titulación e do itinerario.

3.2. A matrícula correspondente ao TFE formalizarase xunto coa matrícula ordinaria das disciplinas correspondentes ao cuarto curso, cando o/a alumno/a estea en disposición de completar todos os créditos da súa especialidade estando a súa presentación pública condicionada á superación de todas as disciplinas que integran o plan de estudios da especialidade que curse o/a alumno/a. O alumnado disporá de dúas convocatorias, unha ordinaria que terá lugar ao finalizar o primeiro ou o segundo cuatrimestre, e unha extraordinaria que terá lugar no mes de xullo, segundo calendario proposto para os efectos polo centro.

3.3. Cada alumno/a, de forma individual e baixo a supervisión do/a seu/súa titor/a, deberá propoñerlle ao departamento da súa especialidade o seu proxecto de traballo de fin de estudios, mediante procedemento e prazos determinados pola





Comisión de Coordinación Pedagógica, e achegando a documentación que esta estableza, o proxecto escénico que pretende desenvolver, quen determinará a súa idoneidade en función dos requisitos esixibles. De non considerarse idónea a proposta formulada, o/a alumno/a deberá aceptar os cambios propostos polo departamento, ou formular unha nova proposta. No caso de existiren proxectos colectivos, como é aconsellable, tanto a memoria inicial do proxecto como a memoria final terán carácter individual.

- 3.4. Dado o carácter colectivo da práctica escénica, a ESAD de Galicia promoverá que os traballos de fin de estudios se consideren como proxectos de integración do alumnado das diferentes especialidades que se imparten na escola, e a Comisión de Coordinación Pedagógica establecerá no proxecto curricular da escola liñas de traballo interdisciplinario que garantan esa integración desde o primeiro curso. O proxecto de TFE, sexa individual sexa colectivo, non poderá ser modificado, salvo que concorran circunstancias que impidan a realización do mesmo. Nestes casos a modificación dun proxecto de TFE deberá contar co prace do/a titor/a, do informe razoado e positivo do departamento correspondente e da aprobación da Comisión de Coordinación Pedagógica.
- 3.5. O alumnado do TFE contará coa titoría dun/dunha profesor/a da especialidade, en horario que será determinado pola xefatura de estudos do centro, oído o equipo docente da especialidade e en función das necesidades de organización xeral da mesma.
- 3.6. Para a organización, avaliación e cualificación do TFE, constituirase un tribunal integrado por cinco profesores/as dos que tres serán, preferentemente, da especialidade correspondente das ensinanzas superiores de arte dramática. O tribunal será nomeado pola dirección do centro, a proposta da xefatura de estudos do mesmo, e oído o departamento correspondente, e estará integrado por un/ha presidente/a, un/ha secretario/a e tres vogais. A dirección do centro ordenará a substitución de calquera dos membros do tribunal, cando proceda, por ausencia xustificada.
- 3.7. A cualificación do TFE, que será única, calcularase a partir da media aritmética das cualificacións emitidas polos membros do tribunal presentes na sesión de cualificación, expresada en termos numéricos con dous decimais, eliminando as cualificacións individuais dos membros do tribunal que difiran entre si tres ou máis enteros. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, só será excluída unha delas.

4. Mobilidade do alumnado.

- 4.1. Para o recoñecemento e transferencia de créditos cursados noutras especialidades e/ou comunidades autónomas, serán de aplicación as normas previstas no artigo 10 do Real decreto 630/2010, do 14 de maio. O procedemento para o recoñecemento de créditos será o descrito no punto 5 desta circular.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

gáLICIA

4.2. Para os efectos do establecido no artigo 7.f da Orde do 30 de setembro de 2010, pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas superiores de grao en arte dramática na Comunidade autónoma de Galicia e se regula o acceso a dito grao, o alumnado poderá obter o recoñecemento de ata un máximo de 6 créditos ECTS, pola participación, debidamente acreditada, en actividades culturais, artísticas, deportivas, de representación estudiantil, solidarias e de cooperación. Ditos créditos ECTS serán recoñecidos como disciplinas optativas, segundo o procedemento descrito no punto 5 desta circular.

5. Procedemento para o recoñecemento de créditos.

5.1. De acordo co previsto na disposición adicional cuarta do Real decreto 630/2010, do 14 de maio, o alumnado que tendo cursado disciplinas do plan de estudos a extinguir regulado polo Real decreto 754/1992, do 26 de xuño, deseje incorporarse ao plan de estudos regulado polo Real decreto 630/2010, do 14 de maio, poderá instar a validación de disciplinas correspondentes ao plan novo, por disciplinas de contido e carga lectiva análogos ás cursadas no plan a extinguir.

5.2. A validación das disciplinas farase de xeito individualizado, segundo o seguinte procedemento:

5.2.1. O/a interesado/a dirixirá a solicitude de recoñecemento de créditos á dirección do centro. O prazo para solicitar dito recoñecemento será de quince días hábiles contados a partir do primeiro día de clase.

5.2.2. A dirección a trasladará ao departamento ao que corresponda a disciplina ou disciplinas que se pretenden validar, no caso de que se trate de máis dunha.

5.2.3. O departamento informará a validación, positiva ou negativamente, tendo en conta a analogía dos contidos e os créditos tanto da disciplina cursada como da disciplina que se pretende validar.

5.2.4. A dirección, recibido informe do departamento, e á vista do mesmo, remitirá á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, as solicitudes xunto coa documentación relativa ás mesmas, acompañada do informe da xefatura de estudos co visto e prace da dirección, antes do 15 de outubro.

5.2.5. Para os efectos do recoñecemento de créditos ECTS, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa nomeará unha comisión que, logo de valorar os expedientes, proporá á dirección xeral as resolucións individualizadas de cada solicitude antes do 28 de novembro.

5.3. Os modelos de formularios e informes para a tramitación das solicitudes de recoñecementos de créditos son os que figuran no anexo I desta circular.





6. Programación docentes.

- 6.1. As programacións docentes serán elaboradas polo profesorado que imparta cada unha das disciplinas dos estudos superiores de arte dramática, e supervisadas polo departamento correspondente. En relación cos contidos partírarse dos descritores de competencias e de contidos básicos que se recollen nos anexos I e II do Real decreto 630/2010, do 14 de maio. O formato para a elaboración do documento é o que figura no anexo II, que poderá ser adaptado ás peculiaridades do centro mais mantendo en todo caso os apartados contidos no mesmo.
- 6.2. Unha vez aprobadas serán remitidas, antes do 15 de outubro, ao servizo de inspección correspondente, e á Subdirección Xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial.

7. Matrícula.

Para os efectos de formalización de matrícula, serán de aplicación as normas xerais recollidas no artigo 8 da Orde do 30 de setembro de 2010, tendo en conta as aclaracións que seguen.

- 7.1. No caso de que un alumno ou alumna deseche cursar unha segunda especialidade ou itinerario deberá ter superada a proba de acceso correspondente.
- 7.2. A matrícula para o primeiro curso académico das novas ensinanzas será de curso completo.
- 7.3. Para os cursos seguintes o alumnado só poderá matricularse das disciplinas correspondentes a dous cuatrimestres consecutivos naquelas disciplinas consideradas de contidos progresivos.
- 7.4. Con carácter xeral, o alumnado deberá matricularse cando menos de todas as disciplinas correspondentes ás materias de formación básica do curso máis alto no que se matricule, sen que se poida superar o número máximo de créditos dispostos no punto 7.5.
- 7.5. O número mínimo de créditos matriculados por curso académico será de 30, e o número máximo será de 75.
- 7.6. Para os efectos de cómputo do número máximo e mínimo de créditos establecido no punto anterior, non serán tidos en conta os créditos referentes ás disciplinas nas que o/a alumno/a teña solicitado recoñecemento de créditos.
- 7.7. No caso da matrícula en disciplinas pendentes, será obligatorio matricularse en tódalas disciplinas pendentes consideradas de contidos progresivos; en calquera caso, deberá matricularse das disciplinas correspondentes aos dous cuatrimestres seguintes ao último que teña superado, con independencia do cuatrimestre no que se impartan.



7.8. Habilítase un período extraordinario de matrícula no mes de setembro, que rematará en todo caso antes do 13 de setembro, para o efecto de que poidan matricularse neste período extraordinario aqueles alumnos e alumnas que teñan accedido en virtude da proba de acceso de setembro, para o caso de que se convocase.

7.9. Habilítase un período extraordinario de matrícula ao remate do primeiro cuatrimestre, a determinar polos centros, para o efecto de que poida matricularse o alumnado que teña superado disciplinas pendentes ao longo do primeiro cuatrimestre.

8. Avaliación.

8.1. Dado o carácter esencialmente práctico dos contidos que se imparten nestas ensinanzas, a avaliação continua constitúe a ferramenta básica no proceso de avaliação. Consecuentemente, e para unha correcta aplicación deste principio, a asistencia regular do alumnado ás actividades lectivas constitúe condición indispensable do proceso de avaliação. A este fin, e segundo o establecido na guía docente de cada disciplina, a aplicación das ferramentas de avaliação deberá ter un carácter regular e permanente, de xeito que quede garantido o principio da avaliação continua.

8.2. A Comisión de Coordinación Pedagógica de cada centro proporá aos órganos colexiados do centro para a súa aprobación, un protocolo no que establezan:

8.2.1. As condicións nas cales un alumno ou alumna pode incorrer na perda do dereito á avaliação continua por absentismo insuficientemente xustificado.

8.2.2. O procedemento para a comunicación ao alumno ou alumna afectado/a así como para a resolución.

8.2.3. Os procedementos de avaliação alternativos no caso de perda do dereito á avaliação continua, que serán establecidos polos departamentos e aprobados polos órganos do centro con competencias pedagógicas.

8.3. A presentación de traballos de aula, de mostras de proxectos integrados e de actividades escénicas derivadas dos procesos de ensinanza e aprendizaxe, así como a asistencia ás actividades complementarias e/ou extraescolares, cando a realización de tales actividades estea recollida como elemento avaliable dentro da guía docente de cada disciplina e teñan sido aprobadas para a súa execución polos órganos colexiados competentes de cada centro, formará parte do proceso de avaliação nos termos e coa ponderación que para tal efecto se teña establecido na programación docente.

8.4. No período que media entre o remate das probas correspondentes ao segundo cuatrimestre e o inicio das probas extraordinarias de xullo, o profesorado manterá o seu horario de titorías docentes, que poderá ser modificado co prace da xefatura de estudos para adaptalo ás dispoñibilidades de espazos e demás



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

g_{alicia}

necesidades docentes. No marco das titorías docentes o profesorado poderá programar actividades de recuperación específicamente orientadas ao alumnado que non teña superado as convocatorias ordinarias de 1º e/ou de 2º cuatrimestre. A asistencia a tales actividades terá a consideración de obligatoria e fará parte do proceso de avaliación, segundo se teña recollido na guía docente da disciplina.

- 8.5. En tanto non se regulen os documentos de avaliación propios das ensinanzas artísticas superiores que substitúan aos actualmente en uso, os centros manterán este últimos, coas modificacións e adaptacións necesarias.
- 8.6. O suplemento europeo ao título, será obxecto de regulación específica.

9. Convocatorias.

No referente ás convocatorias e avaliación, serán de aplicación as normas xerais recollidas nos artigos 11, 12 e 13 da Orde do 30 de setembro de 2010, así como o establecido na presente circular:

- 9.1. O alumnado disporá só dunha convocatoria ordinaria e outra extraordinaria por disciplina e cuatrimestre en cada curso académico.
- 9.2. O alumnado non pode ser avaliado dunha disciplina considerada de contidos progresivos en tanto non teña superada a disciplina de número correlativo inferior.
- 9.3. Para os efectos de regularizar a docencia e promover a progresión académica do alumnado con disciplinas pendentes, os centros organizarán, previa solicitude do alumnado, as probas correspondentes ás convocatorias ordinarias das disciplinas nas que estea matriculado antes de finalizar o primeiro cuatrimestre. Igualmente o alumnado de cuarto curso que só teña pendente a presentación do TFE para rematalos, poderá solicitar o adiantamento da convocatoria ordinaria do segundo cuatrimestre á convocatoria ordinaria do primeiro. Nestes casos a xefatura de estudos, oídos os departamentos, elaborará un calendario específico de presentación e defensa do TFE nos meses de decembro e xaneiro en función da dispoñibilidade de espazos e recursos.
- 9.4. As convocatorias ás que un alumno ou unha alumna non se poida presentar en aplicación do punto 9.2 desta circular, serán anuladas de oficio pola dirección do centro sen necesidade de instar procedemento de renuncia por parte do/a interesado/a.
- 9.5. As convocatorias consumidas nun centro distinto dos da Comunidade Autónoma de Galicia non serán tidas en conta para os efectos de cómputo de convocatorias.
- 9.6. A anulación de convocatoria non implica a modificación dos prazos de permanencia no centro.





- 9.7. Para cada curso escolar a xefatura de estudos, oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica, elaborará o calendario de mostras e probas correspondentes ás convocatorias ordinarias do 1º e 2º cuatrimestre e á convocatoria extraordinaria.
- 9.8. As probas relativas ás convocatorias extraordinarias de xullo realizaranse entre o 1 e o 15 de xullo, ámbolos dous inclusive. Para os efectos da súa organización, os centros deberán programar o calendario das mesmas garantindo que o alumnado poida concorrer tanto á extraordinaria do primeiro cuatrimestre como do segundo, de ser o caso.
- 9.9. O alumnado poderá renunciar ás convocatorias das distintas probas, ordinarias e extraordinarias, ata unha semana antes do inicio do período das probas.
- 9.10. O procedemento para a solicitude de renuncia e conseguinte anulación será o descrito no artigo 12, punto 3, da Orde do 30 de setembro.
- 9.11. O alumnado con disciplinas pendentes que deseñe solicitar a anticipación das probas correspondentes ás convocatorias ordinarias das disciplinas pendentes de contidos progresivos nas que estea matriculado deberá solicitalo na secretaría do centro ata o 20 de novembro.

10. Normas básicas para a realización das probas ordinarias e extraordinarias.

- 10.1. A evaluación ordinaria e extraordinaria poderá incluír a realización de probas específicas finais como parte da evaluación continua, de acordo co que se estableza na guía docente da disciplina. Para o caso do alumnado con perda do dereito á evaluación continua, cada guía docente establecerá as probas específicas finais que correspondan, en convocatoria ordinaria e extraordinaria.
- 10.2. O calendario de probas específicas finais, no caso daquelas disciplinas para as que se estableza, deberá ser publicado por cada centro, cunha antelación mínima de quince días previos ao inicio destas probas, indicando lugar, data e hora da mesma, así como duración prevista.
- 10.3. As probas específicas finais terán unha duración e condicións de realización axeitadas á súa natureza. En calquera caso, a duración dunha proba específica non poderá exceder das 9 horas, e deseñaranse de xeito que o examinando poida ter un descanso mínimo de 30 minutos, por cada 3 horas de sesión ou fracción, e sen exceder das 6 horas de duración da proba nun mesmo día.
- 10.4. Os/as docentes responsables de cada disciplina farán públicas as cualificacións e establecerán un mínimo de dúas citas, en días diferentes, para a revisión das cualificacións, e probas no seu caso. Estas revisións terán lugar con anterioridade ao remate do prazo para a entrega das cualificacións da secretaría do centro.
- 10.5. Na programación docente de cada disciplina deberán constar os procedementos de evaluación continua, así como das probas ordinarias e



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

g_{alicia}

extraordinarias, con indicación de ferramentas e criterios utilizados, das probas a realizar e da ponderación das mesmas en relación coa cualificación final. Cando a nota final se pondere entre diferentes probas, cada unha delas considerarase superada ao obter a metade da porcentaxe de puntuación asignada en cada caso, e só serán obxecto de nova avaliación as probas non superadas. En consecuencia co anterior o alumnado non poderá ter unha cualificación final positiva sen ter superado todas as probas consideradas na avaliación da disciplina.

10.6. O proceso de reclamación contra a cualificación final dunha disciplina rexerase polo establecido no artigo 14 da Orde do 30 de setembro.

10.7. A reclamación contra unha cualificación final, só poderá atenderse en dous supostos:

10.7.1. Inadecuación da proba en relación cos obxectivos e contidos propios definidos para a disciplina na guía docente.

10.7.2. Incorrecta aplicación dos criterios de avaliación previstos na guía docente.

10.8. Ao obxecto de garantir a existencia de elementos probatorios obxectivos, no caso de recurso contra a cualificación que se desprenda da realización de probas finais específicas, o alumno ou alumna, poderá solicitar do centro a gravación en soporte audiovisual da realización da proba. As gravacións obtidas quedarán depositadas no centro, debidamente identificadas, catalogadas e arquivadas, para o efecto de atender posibles reclamacións.

11. Aproveitamento académico e permanencia.

Para o efecto de garantir o axeitado uso dos recursos públicos así como o dereito ao acceso ás ensinanzas artísticas superiores dos/as potenciais usuarios/as destes recursos, o alumno ou alumna que no 1º curso en 1ª matrícula, non supere no conxunto dos dous cuatrimestres un mínimo de 20 créditos, perderá a praza acadada, e deberá realizar novamente a proba de acceso aos estudos que corresponda.

12. Optativas.

12.1. As disciplinas optativas que se poderán ofertar ao alumnado son as que figuran no anexo III desta circular.

12.2. A posta en marcha das optativas autorizadas estará supeditada a existencia dun número mínimo de 10 alumnos/as matriculados/as por grupo. Non obstante, a inspección educativa, previa solicitude xustificada por parte do centro, poderá autorizar a súa posta en marcha cun número inferior.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

13. Departamentos didácticos e de servizos.

13.1. Na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, existirán os departamentos didácticos de:

- Dirección escénica e dramaturxia.
- Escenografía.
- Interpretación.
- Teoría e historia das artes escénicas.

13.2. Na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia existirán os departamentos para a prestación de servizos, e serán os de:

- Creación e producción.
- Calidade.
- Mobilidade e transición.

As funcións destes departamentos son as que se recollen no anexo IV.

13.3. Os/as xefes/as de cada departamento realizarán as funcións establecidas na lexislación vixente e formarán parte dos órganos colexiados segundo establece a lexislación aplicable. Para o seu nomeamento e cese tamén se seguirán as normas establecidas na lexislación aplicable.

14. Adscrición de materias.

A adscrición das materias reguladas no Real decreto 630/2010, do 14 de maio, a estes departamentos é a que se establece no anexo V.

15. Actualización normativa

O establecido na presente circular deixa sen efecto a Circular 10/2013.

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2014

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Courdeiro López



XUNTA DE GALICIACONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIADirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación EducativaEdificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

D.N.I.: _____

Especialidade e itinerario que cursa: _____
Centro de procedencia: _____Especialidade e itinerario cursados: _____
Plan Materia cursada Curso Cred. Año Disciplina a recoñecer Cuadr. Curso Cred.

Plan	Materia cursada	Curso	Cred.	Año	Disciplina a recoñecer	Cuadr.	Curso	Cred.

En ____ a ____ de ____ de 20 ____

Sinatura

COMPOSTELA
DE AS/IS
14.2014



INFORME PARA RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS

Departamento avaliador: _____

Alumno/a: _____

Materias superadas que xustifican o recoñecemento de créditos:

Centro onde se cursaran: _____

Plan	Ano	Materia	Cuadr.	Curso	Cred.

Disciplinas do plan de estudos que se pretenden recoñecer:

Plan	Disciplina	Cuadr.	Curso	Cred.
LOE				
LOE				

Concordancia de contidos:

Observacións:

Valoración final: (informe favorable ou non)

Sinatura do/a xefe/a do departamento

Nome:





INFORME DE RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS

Vista a solicitude de D./Dna. _____ presentada ante a dirección deste centro na que se solicita recoñecemento de créditos por ter cursadas materias na especialidade de _____ no _____, e vistos os informes dos departamentos correspondentes ás materias obxecto de recoñecemento, esta dirección realiza a seguinte proposta:

Materias superadas que xustifican o recoñecemento de créditos:

Plan	Ano	Materia	Cuadr.	Curso	Cred.

Proposta de recoñecemento de disciplinas do plan de estudos vixente:

Plan	Disciplinas	Cuadr.	Curso	Cred.
LOE				

O/a director/a:

Asdo:





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

ANEXO II – GUÍAS DOCENTES

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA			
MATERIA			
ÁREA DE COÑECIMENTO			
TITULACIÓN			
ESPECIALIDADE(S)			
ITINERARIO (S)			
CURSO	Cuatrimestre		
CREDITOS ECTS			
CARACTER			
DEPARTAMENTO			
CENTRO			
COORDINADOR/A			
DOCENTE/S	Nome e apelidos	Horario de tutoría	Telf./email/páxina web
DESCRICIÓN DA MATERIA			
COÑECIMENTOS PREVIOS			

2. COMPETENCIAS			
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS			
COMPETENCIAS XERAIS			
COMPETENCIAS ESPECIFICAS			

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	Competencias relacionadas





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



4. CONTIDOS		
Temas	Descriptor Subtemas	Sesións
Total Sesións		

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Tipo de actividad	Horas presenciais	Horas non presenciais	Total horas
Total horas			

6. DESCRITORES DE PLANIFICACION DOCENTE (METODOLOXIA)

7. FERRAMENTAS DE AVALIACION

7.1. Avaliación ordinaria

FERRAMENTA/ACTIVIDADE	COMPETENCIA(s) AVALIADA (s)	PONDERACION

7.2. Avaliación alternativa

FERRAMENTA/ACTIVIDADE	COMPETENCIA(s) AVALIADA (s)	PONDERACION

Observacións:

8. BIBLIOGRAFIA, MATERIAIS E DOCUMENTOS





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



ANEXO III – DISCIPLINAS OPTATIVAS

Disciplina	Materia
Dirección e xestión de espazos escénicos	Produción e xestión
Dirección de proxectos escénicos	Producción e xestión
Espazo sonoro	Escenificación
Iniciación á dirección de escena	Escenificación
Iniciación á dirección de actores	Dirección de actores
Deseño de espectáculos multidisciplinarios	Deseño de escenografía
Deseño do personaxe	Deseño do personaxe
Deseño gráfico para espectáculos	Técnicas de representación
Iniciación ao deseño escénico	Espazo escénico
Esgrima	Movemento
Técnica corporal	Movemento
Adestramento corporal	Movemento
Iniciación á expresión corporal	Movemento
Iniciación á expresión xestual	Movemento
Iniciación á coreografía	Danza
Canto coral	Música e canto
Dobraxe	Voz
Técnicas de expresión oral	Voz
Adestramento vocal	Voz
Retórica e oratoria	Voz
Iniciación á escrita dramática	Dramaturxia
Elaboración de repertorios	Dramaturxia
Iniciación á interpretación	Sistemas de interpretación
Iniciación á comedia da arte	Sistemas de interpretación
Iniciación ao teatro xestual	Sistemas de interpretación
Iniciación ao teatro musical	Sistemas de interpretación
Iniciación ao teatro de obxectos	Sistemas de interpretación
História do cinema	Teoría e historia da arte
Estética teatral	Estética
Dinámica de grupos	Pedagoxía
Sistemas de xestión de calidade	Pedagoxía
Iniciación á pedagoxía teatral	Pedagoxía
Teatro social e comunitario	Pedagoxía
Socioloxía do teatro	Teorías do espectáculo e da comunicación
Semiótica teatral	Teorías do espectáculo e da comunicación
Antropoloxía teatral	Teorías do espectáculo e da comunicación
Análise de espectáculos	História das artes do espectáculo
Tendencias escénicas nos séculos XX e XXI	História das artes do espectáculo
História do teatro galego	História das artes do espectáculo
Curso de literatura dramática contemporánea	História e teoría da literatura dramática
Literatura dramática en lingua galega	História e teoría da literatura dramática





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

ANEXO IV. Funcións dos departamentos de prestación de servizos, que deberán ser desenvolvidas nos diversos documentos programáticos do centro.

1. O **departamento de calidade** deberá potenciar a mellora permanente nos servizos que ofrece a ESAD, na súa xestión e na súa vinculación co contorno sociocultural e produtivo, e como consecuencia do mesmo lograr e manter as certificacións de calidade más axeitadas á natureza da escola.
2. O **departamento de creación e producción** deberá asumir a coordinación da producción de todos os traballos escénicos realizados na ESAD de Galicia así como a exhibición dos traballos escénicos realizados na mesma. Igualmente deberá realizar a dirección e coordinación dos espazos de exhibición e das actividades que se relacionen nos mesmos, ademais de promover proxectos de colaboración con outras entidades en relación coa creación e a difusión de produtos escénicos.
3. O **departamento de mobilidade e transición** ten como finalidade promover a participación do centro, do seu alumnado e do seu profesorado en programas de mobilidade nacional e internacional, establecer mecanismos de colaboración con outros centros superiores, e deseñar procesos de transición á vida activa dos/as titulados/as do centro.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

gALICIA

ANEXO V – ADSCRICIÓN DE MATERIAS

Disciplina	Departamento
Dirección de actores	Dirección escénica e dramaturxia
Dramaturxia	Dirección escénica e dramaturxia
Escenificación	Dirección escénica e dramaturxia
Espazo sonoro	Dirección escénica e dramaturxia
Obradoiro de escenificación	Dirección escénica e dramaturxia
Obradoiro de dramaturxia	Dirección escénica e dramaturxia
Prácticas de escenificación	Dirección escénica e dramaturxia
Prácticas de escrita dramática	Dirección escénica e dramaturxia
Produción e xestión	Dirección escénica e dramaturxia
Deseño de escenografía	Escenografía
Deseño do personaxe	Escenografía
Espazo escénico	Escenografía
Iluminación	Escenografía
Obradoiro de escenografía	Escenografía
Prácticas de escenografía	Escenografía
Tecnoloxía aplicada ás artes do espectáculo	Escenografía
Técnicas de realización de materiais	Escenografía
Técnicas de representación	Escenografía
Construción de obxectos	Escenografía
Estética	Teoría e historia das artes escénicas
Historia da arte	Teoría e historia das artes escénicas
Historia das artes do espectáculo	Teoría e historia das artes escénicas
Historia e teoría da literatura dramática	Teoría e historia das artes escénicas
Teorías do espectáculo e da comunicación	Teoría e historia das artes escénicas
Análise de espectáculos	Teoría e historia das artes escénicas
Introdución á investigación escénica	Teoría e historia das artes escénicas
Pedagoxía	Teoría e historia das artes escénicas
Canto	Interpretación
Interpretación no audiovisual	Interpretación
Movemento	Interpretación
Música e canto	Interpretación
Obradoiro de interpretación	Interpretación
Prácticas de interpretación	Interpretación
Sistemas de interpretación	Interpretación
Voz	Interpretación

